



Memoria e presentación da campaña **CÁRITAS D´OS COTOS 2014-2015**

Fai xa uns anos que botou a andar a comunidade d´Os Cotos, e nela creouse un grupo de cáritas, coa responsabilidade de animar á caridade dentro das nosas parroquias.

Hoxe aproveitamos para, un ano máis, darvos a coñecer o que levamos feito, e queremos contar coa vosa colaboración para os tempos vindeiros.

1. Historia E NOVIDADE CO PROGRAMA DE RECOLLIDA DE ROUPA

Fai anos cáritas entendíase que era dar un paquete de alimentos e roupa aos pobres. Hoxe, sendo iso tamén, cáritas é moito máis. Aquí, n´Os Cotos, e sempre asesorados e axudados por Cáritas da Diocese de Tui-Vigo fomos descubrindo que cáritas é tamén un traballo de acompañamento a persoas maiores, é tamén un traballo de búsqueda de emprego, é tamén un traballo de apoio á formación, é tamén e sobretudo un traballo de atención e promoción das persoas, sexan cales sexan as súas necesidades.

Ao longo deste vindeiro ano, e colaborando con un programa de cáritas diocesá de Tui-Vigo imos poder recoller roupa (que sempre terá que vir lavada). O uso desta roupa será para entregala a quen a necesite, ou para reciclala, tendo en conta que isto correrá a cargo de voluntarios de cáritas de Tui-Vigo, e nós o que faremos será recollela na reitoral e facilitar o envío. De momento aínda non a recollemos (xa avisaremos cando sexa).

En principio o destino desta roupa vai estar lonxe d´Os Cotos.

No tema das cestas-compras de alimentos si que estamos vendo que cada ano xorden necesidades novas. Dende o 2013 estamos aumentando os cartos destinados a alimentos básicos para familias. Ás veces somos nós os que facemos a compra, pero preferimos que sexan as familias as que compren (presentando despois os tiques do comprado para revisarmos con eles se hai xeito de aforrar). Este ano estamos apoiando a algunhas familias máis. Algunhas destas axudas xestionáanse co programa diocesano e outras xestionámolas dende os fondos que temos en Cáritas d´Os Cotos.

2.- Pero cáritas é moito máis que dar roupa e alimentos

- Cáritas e as persoas maiores

Na nosa comunidade d´Os Cotos entendemos que cáritas ten que servirnos para achegarnos ás persoas maiores, sobre todo ás que o teñen máis difícil para saír das súas casas. En nome de cáritas facemos un par de visitas a todas aquelas casas ás que nos convidaron. En total estamos visitando unhas corenta familias por ano.

En cáritas estamos convencidos da necesidade de estar preto das persoas maiores, pois nestas nosas parroquias son unha realidade.

- Cáritas e formación e emprego UN PROGRAMA NOVO

Tamén cáritas axuda a buscar solucións a longo prazo, e non só situacións puntuais de necesidade. Temos axudado en programas de busca de emprego, e temos axudado en programas de formación.

Este ano, en coordinación con cáritas de Redondela, de Arcade e da Ínsua, estamos pondo en marcha un programa de busca de emprego. Farémolo dende un local situado en Redondela. Aínda non sabemos como vai ir porque estamos preparándonos, sendo asesorados por persoal especializado de cáritas diocesá. Esperamos ser unha oportunidade de busca e encontro de emprego.

- Cáritas e vivenda

Todos somos conscientes que os gastos en vivenda teñen aumentado nos últimos tempos, e por iso en cáritas nos temos atopado con persoas que o que nos demandan é unha axuda para cubrir algúns dos gastos da casa. Gastos como luz, butano, etc. Dende o ano 2013 ata hoxe temos colaborado con máis de 3.000 euros.

MIRANDO PARA OS TEMPOS VINDEIROS

En definitiva, como vedes, cáritas non se reduce a dar un paquete de roupa e un paquete de alimentos. É moito máis e queremos ser moito máis. Sos non podemos facelo, ata agora contamos co apoio económico de cáritas diocesana de Tui-Vigo, pero ...

Presentación da campaña

Fai dous anos, no 2012, fixemos a última colecta para Cáritas, hoxe queremos presentarvos unha campaña especial que queremos facer nas parroquias para recadar fondos e poder seguir axudando ás persoas máis necesitadas, porque só no que vai deste ano gastamos preto de 2.600 euros, e calculamos que a finais deste 2014 teremos os fondos económicos de Cáritas d'Os Cotos practicamente a 0 euros (comezáramos o ano con preto de 2.000 euros e Cáritas diocesá axudounos cuns 1.000 euros).

Temos claro que a situación non é boa para ninguén, pero animamos a que participedes co que se poida. Queremos que sexa unha ocasión para amosar a nosa solidariedade porque entre todos podemos facer moito.

Cáritas e a festa d'Os Cotos

Tamén cáritas estamos detrás da xuntanza que facemos o 15 de agosto en Ventín, para disfrutar dunha xuntanza das 10 parroquias.

É unha xuntanza que vale a pena e que nos axuda a coñecer e a darnos a coñecer. Cremos que é labor de todos animarnos e participar para que os que xa temos ido voltemos a ir, e os que nunca estiveron se atrevan. Este verán volveu a ser todo un éxito.

Nota: hai que ter sempre en conta que cáritas só pode actuar cando a persoa amosa interés porque se lle axude. En ningún caso cáritas pode actuar sen que a persoa o diga, xa sexa aos voluntarios de cáritas, xa sexa aos párrocos.

Así somos, así presumimos de ser, e así desexamos seguir facendo en nome de todos os veciños e veciñas que damos vida a esta COMUNIDADE D'OS COTOS. Grazas.